# PLASMOWINE

## Momento óptimo de aplicación dos tratamentos contra o mildio da vide para minimizar residuos no viño

O mildio é unha enfermidade da vide causada por un oomiceto que, en zoas húmidas como Galicia, compromete seriamente a produción e a calidade dos viños. O seu tratamento supón, ademais, un importante gasto económico para os viticultores.

## Obxectivos

Desenvolvemento dun sistema de axuda á toma de decisións que permita determinar o **momento óptimo para a aplicación de tratamentos fitosanitarios fronte ao mildio.**

## Resultados

Obterase un **modelo matemático** que determine o momento óptimo de **aplicación de tratamento** fronte ao mildio e do período de cobertura real dos produtos fitosanitarios empregados habitualmente **contra o mildio.**

## Actividades

1. 
Instalación e posta en marcha dos captadores de esporas e as estacións meteorolóxicas nas parcelas experimentais.

2. 
Conteo de esporas no laboratorio.

3. 

Recollida de datos e previsión meteorolóxica.

4. 
Control da maduración da oospora de mildio.

5. 
Controis no campo (fenoloxía, síntomas de enfermidades) e tratamentos fitosanitarios.

6. 
Analíticas multiresiduo en uva e viño previo á vendima.

7. 
Desenvolvemento do modelo de intelixencia artificial que determine o momento óptimo de aplicación do tratamento.

8. 

Avaliación do impacto do patóxeno no cultivo en resposta ao cambio climático.


Transferencia dos resultados aos sectores de interese e realización de accións de divulgación.

## Quen integra PLASMOWINE?




Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural
GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN
AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Xacobeo 21·22

**Presuposto total: 179.999,99€** **Subvención: 179.999,99€**

**PLASMOWINE** está financiado polas axudas para a execución de proxectos dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020. Presuposto total: 179.999,99€ (100% subvencionados). A Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega ao cal lle corresponde propor e executar as directrices xerais no ámbito rural, e engloba as competencias en materia de agricultura, gandaría, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios forestais.